



# **Manual de usuario da revisión de medicación en pacientes polimedicados IANUS**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



## ÍNDICE

### Sumario

<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>DESCRIPCIÓN XERAL.....</b>	<b>3</b>
<b>REVISIÓN DE ASPECTOS RELACIONADOS CO TRATAMIENTO FARMACOLÓXICO.....</b>	<b>4</b>
REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN TERAPÉUTICO.....	4
Engadir prescricións.....	5
Como cubrir os datos das prescricións.....	7
Selección de episodios.....	8
Rexistro de notas.....	9
Realizar revisión do tratamento.....	11
Realizar Revisión sobre prescricións con revisións previas.....	11
Histórico.....	12
Proposta de intervención - Aviso.....	14
Proposta de intervención – Actuación do médico.....	16
Accións sobre as prescricións dende IANUS.....	18
REVISIÓN DE MEDICACIÓN A INCLUIR NO PLAN TERAPÉUTICO.....	18
Engadir Principios activos.....	19
Rexistro nunha nota SOIP ou nota evolutiva.....	20
Proposta de intervención – Aviso.....	20
Proposta de intervención – Actuación do médico.....	21
Histórico.....	23
REVISIÓN DE PRODUTOS TERAPÉUTICOS NON INCLUÍDOS NO PLAN PERO QUE O PACIENTE ESTÁ TOMANDO.....	23
Engadir medicamentos ou produtos terapéuticos.....	24
REALIZAR SEGUIMIENTO DE PACIENTES.....	25
<b>CONCILIACIÓN DA MEDICACIÓN.....</b>	<b>26</b>
Engadir medicamentos.....	27
Como cubrir os datos dos medicamentos.....	28
Histórico.....	30
Proposta de intervención – Aviso.....	30
Intervención – Actuación do médico.....	31



## 1. INTRODUCCIÓN

Este documento describe o Rexistro da Revisión da medicación en pacientes Polimedicados, unha nova funcionalidade de IANUS incorporada como parte do módulo de prescrición electrónica para mellorar o seguimento e control do tratamento farmacolóxico dos pacientes Polimedicados e maximizar os beneficios en saúde como consecuencia do uso de seu tratamento farmacolóxico e minimizar os riscos asociados á medicación.

O presente documento é un manual de usuario que recolle as funcionalidades deste módulo.

## 2. DESCRICIÓN XERAL

O rexistro para a REVISIÓN DA MEDICACIÓN de pacientes polimedicados atópase nunha pestana dentro do módulo de prescrición. O nome da pestana principal é **Revisión**, situada na zona dereita da árbore de prescricións do paciente. Ao pulsar nela, a vista por defecto amplíase ocupando todo o ancho da pantalla.

Custo estimado tratamento actual		Diferenza co tratamento óptimo	
Anual	533,58€	Anual	0,00€
Mensual	44,46€	Mensual	0,00€

Especialidade	Principio activo	Data creación	Posoloxía	F. Prescriptor	Situación	Ficha
<input type="checkbox"/>	PARACETAMOL 150 MG 6 SUPOSITARIOS	27/04/2017	1 SUPOSITARIOS cada 8 Hora(s)		ACTIVA	
<input type="checkbox"/>	NAPROXENO 250 MG 30 CAPSULAS	26/02/2019	1 CÁPSULAS cada 12 Hora(s)		ACTIVA	
<input type="checkbox"/>	CLOPIDOGREL APOTEX 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG	25/04/2019	1 COMPRIMIDOS cada 24 Hora(s)		ACTIVA	
<input type="checkbox"/>	CLORAZEPATO DIPOTASIO 2,5 MG SOLUCION/SUSPENSION ORAL 20 SOBRES	08/11/2018	1 SOBRES cada 48 Hora(s)		ACTIVA	

As características deste rexistro son as seguintes:

- Ámbito: atención primaria.
- Uso multidisciplinar: farmacéuticos de atención primaria (FAP) e hospital e médicos de atención primaria ou hospitalaria.

A continuación descríbense os bloques nos que se divide:

1. Bloque 1: Revisión de aspectos relacionados co tratamento farmacolóxico
  - 1.1. Revisión de medicamentos incluídos no plan terapéutico.
  - 1.2. Revisión de medicamentos a incluír no plan terapéutico.
  - 1.3. Revisión de produtos terapéuticos non incluídos no plan pero que o paciente está tomando.
2. Bloque 2: Conciliación medicación.



Hai que ter en conta que é necesario premer sobre o botón “Gardar” en cada un dos bloques nos que se realizan os rexistros, xa que se trócase de paciente sen gardar perderíase as accións realizadas.

### 3. REVISIÓN DE ASPECTOS RELACIONADOS CO TRATAMENTO FARMACOLÓXICO

- Usuarios: para Farmacéuticos e Médicos

A pantalla dispón de 3 seccións:

1. Revisión de medicamentos incluídos no plan terapéutico (recollidos na folla de medicación activa).
2. Revisión de medicamentos a incluír no plan terapéutico, que o paciente non está tomando pero debería tomar.
3. Revisión de produtos terapéuticos non incluídos no plan pero que o paciente está tomando



Aínda que se amosan despregados por defecto pódense pregar individualmente.

A continuación descríbese cada un destes apartados.

#### 3.1. REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO

O apartado mostra unha serie contido a cubrir por farmacia para unha lista de medicamentos seleccionados das listas de prescripcións.

Vista:



REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)												
Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)		Efectividade (marcar en caso negativo)		Seguridade (marcar en caso positivo)				2 Episodios seleccionados		Histórico
		Está indicado?	É adecuado?	Dose, pauta e duración?	É efectivo?	Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	
1 CLOPIDOGREL APOTEX 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG 2	3									4	5	7 

En cada fila de medicación inclúese:

1. Enlace para engadir prescricións.
2. Icona de borrado para eliminar unha fila de prescrición.
3. As caixas para responder ás preguntas. Marcaranse só no caso de resposta significativa (negativa ou positiva).
4. Campo de texto de Observacións para indicar observacións sobre a prescrición.
5. Campo de texto de Proposta de intervención para indicar unha proposta de intervención sobre a prescrición.
6. Enlace para seleccionar episodios e vincular a información introducida nas observacións e proposta de intervención.
7. Icona de histórico para visualizar as modificacións que tivo a medicación. Na cabeceira mostra o histórico a nivel global.

### 3.1.1. Engadir prescricións

Se o paciente non tiña revisión de medicación previamente, a táboa mostra só a cabeceira sen contido. Pódense seleccionar prescricións entre as vixentes do paciente (a lista que se carga por defecto na árbore do paciente ao abrir IANUS), e cada prescrición agrégase á táboa nunha nova fila.

Para engadir prescricións púlsase sobre “Engadir” e na ventá que se mostra engádense da seguinte forma:




- Pódese seleccionar unha ou varias prescricións. As prescricións seleccionadas engádanse á táboa en filas.



- Marcando a opción “Todas” agréganse simultaneamente todas as prescricións vixentes do paciente que non consten aínda na táboa de revisión, teñan valores previamente rexistrados ou non.



Poderíase darse o caso de que a prescrición xa se engadira con anterioridade e tivese respostas gardadas pero non se visualizaría porque non tiña respostas significativas. Sen embargo avisará da situación:



As filas de prescricións novas ou modificadas móstranse con fondo amarelo e co texto en cursiva ata que se prema o botón gardar, desta forma destácanse os cambios que se acaban de realizar fronte á anterior revisión:




REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)													
Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)		Efectividade (marcar en caso negativo)		Seguridade (marcar en caso positivo)				2 Episodios seleccionados		Histórico	
		Está indicado?	É adecuado?	Dose, pauta e duración?	É efectivo?	Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)		Proposta Intervención Farmacia
Enqadir CLORAZEPATO DIPOTASIO 2,5 MG SOLUCION/SUSPENSION ORAL 20 SOBRES	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
Clopido CLOPIDOGREL APOTEX 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG	NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	SI	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		texto Observación	texto Proposta intervención	

### 3.1.2. Como cubrir os datos das prescricións

Márcanse as caixas para responder ás preguntas só no caso de resposta significativa (negativa ou positiva). Na cabeceira visualízase un resumo da pregunta, e ao situarse sobre ela móstrase un *tooltip* coa pregunta completa.

Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación	Efectividade (marcar en caso negativo)
	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativa eficaz?

Para poder agregar información en “Observacións” ou “Proposta de intervención” é necesario seleccionar previamente polo menos un episodio ou curso clínico (ver apartado [3.1.3 Selección de episodios](#)). No caso de intentar gardar información nalgún destes campos sen ter seleccionado un episodio o curso clínico, móstrase unha mensaxe solicitando a selección de polo menos un episodio ou curso clínico.



Todas as observacións e proposta de intervención que se indiquen, estarán vinculadas ao conxunto de episodios ou cursos clínicos seleccionados. Non se poden elixir episodios ou cursos clínicos distintos para cada prescrición dentro da mesma operación de gardado.



No caso de querer eliminar un texto introducido nalgún dos campos de “Observacións” ou “Proposta de intervención” deixando o campo baleiro pode facerse eliminando a nota se non foi versionada, no caso contrario non permitirá eliminala e deixar o campo baleiro.

### 3.1.3. Selección de episodios

Nesta opción selecciónanse os episodios ou cursos clínicos aos que asociar as propostas de intervención e observacións engadidas ou modificadas.

No primeiro acceso do usuario a un paciente non existirá ningún episodio seleccionado por defecto.

Para a selección deberase pulsar sobre “Engadir Episodios”.




No caso de que o paciente xa teña episodios seleccionados, estes poderanse consultar premendo sobre “n Episodios seleccionados”.



A pantalla modal de selección de Episodios mostra os episodios activos do paciente comprendidos nas datas da árbore do paciente. Por defecto, aparecen marcados os episodios do mesmo ámbito que se marcaron no último gardado e seguen estando activos. Esta selección de episodios realízase de forma individual por apartado: “Medicamentos incluídos no plan terapéutico”, “Medicamentos a incluír no Plan terapéutico” e “Revisión de produtos terapéuticos no incluídos no plan”).

O aspecto da pantalla é o seguinte:





No caso de que o paciente se atope Hospitalizado, non se permite seleccionar episodios. Neses casos, mostra sempre “1 episodio seleccionado” e as Observacións e Proposta de intervención vincularanse ao episodio correspondente. Se o profesional intenta engadir episodios, mostrarase a mensaxe “O paciente está hospitalizado e non é posible seleccionar outro episodio. A información rexistrada asociarase a dito episodio”.

O servizo co que se rexistrará a información será o servizo no que está ingresado o paciente. No caso de que o profesional farmacéutico non se atope vinculado a ese servizo de ingreso, solicitarase a selección do servizo co que desexa realizar o rexistro cando preme o botón de gardar. Por defecto estará seleccionado o servizo principal do profesional.

No caso de Consultas Externas o farmacéutico deberá seleccionar o servizo de escritura entre os que teña permiso e a continuación mostrará o listado de cursos clínicos dese servizo para seleccionar polo menos un deles. Por defecto estará seleccionado o servizo principal do profesional.


Por outro lado, cando sobre un paciente xa se realizase unha revisión e se gardaran episodios, recuperaranse e mostraranse por defecto os servizos e cursos clínicos de cada sección.

A selección do servizo non se manterá en sesión para pacientes distintos. Cando se acceda a un novo paciente, non se cargará por defecto o seleccionado no paciente anterior. Aplicarase o indicado no apartado anterior.

#### 3.1.4. Rexistro de notas

Cando na fila dunha prescrición se introduce información no campo Observacións ou Proposta de intervención, estes cambios trasládanse ao paciente da seguinte forma:

- En Atención Primaria: Engadirase como parte “P” e “O” dunha nova nota SOIP. O texto da proposta de intervención irá no “P”, e o texto da observación vai no “O”. O principio activo inclúese automaticamente no “P”, previo á proposta de intervención, cun número máximo de caracteres e cun salto de liña.
- En Atención Hospitalaria: Rexistrarase unha nota evolutiva co seguinte contido:
  - Medicamento: Nome do medicamento sobre o que se realiza a e revisión.
  - Proposta de intervención: texto introducido na proposta de intervención.
  - Observación: texto introducido na observación.
- Se se trata dunha modificación dun texto previamente gardado, ao pulsar no botón gardar, débese indicar se se quere versionar a nota ou crear unha nova:





Permítese cambiar a opción seleccionada debaixo de cada campo de texto (“Crear unha nova nota” ou “Versionar a nota”):

The screenshot shows a web interface for managing medical notes. At the top, it says "0 Episodios seleccionados" and has a button "Engadir". Below this, there are two columns: "Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)" and "Proposta Intervención Farmacia". The first row shows a text input field with "texto novo" and a button "Crearase unha nova nota". The second row shows a text input field with "texto Observación 2" and a button "Versionarase a nota previa".

Hai que ter en conta que para que se poda realizar un versionado, será necesario cumprir con estas condicións:

- En Atención Primaria é necesario que a versión da folha de seguimento asociada a dita medicación sexa a derradeira versión de dita folha. No caso contrario, non permitirá versionar.
- En Atención Hospitalaria a versión da nota evolutiva asociada a cada medicación sexa a derradeira para dita nota e fora rexistrada por dito profesional. En caso contrario, non permitirá versionar.
- Se se elimina un texto xa gardado (deixar un campo baleiro) realizaranse os seguintes controles para verificar se é posible:
  - En Atención Primaria poderase eliminar a nota só se non foi versionada.
  - En Atención Hospitalaria como xa se gardou unha Nota evolutiva, non permitirá deixar o campo de texto baleiro.
- Se se modifican os episodios vinculados ás notas, realizaranse as seguintes accións:
  - En Atención Primaria elimínase a nota previa coa súa vinculación e créase unha nova nota vinculada aos novos episodios asociados que herdará as notas non modificadas da folha.
  - En Atención Hospitalaria créase unha nova versión de cada nota modificando o elemento de vinculación aos novos episodios seleccionados.
- Se desde a árbore do paciente se versiona unha nota creada automaticamente dende o rexistro de medicación, os cambios non se reflectirán neste último.



### 3.1.5. Realizar revisión do tratamento

Cando o paciente xa teña unha revisión de medicación nesta sección, a táboa presentará unha fila por cada prescrición que se marcasse cunha “resposta significativa” ou cubrirese o campo de “Observacións” ou “Proposta de intervención”. Calquera usuario con permisos, pode modificar unha resposta o engadir/modificar Observacións e Propostas de intervención para unha prescrición.

Pódese ver a información do usuario, data e hora que fixo a última modificación de revisión de calquera prescrición ao pasar o rato sobre unha delas.

Prescrición	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico
Engadir	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Todo
NAPROXENO 250 MG 30 CAPSULAS	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	SI	SI			

No caso de prescricións que non se visualicen na táboa deberase a que:

- A prescrición foi valorada en revisións de medicación previas, pero actualmente o paciente xa non a ten vixente. Pode ser consultada no histórico.
- Ou a prescrición fora aguda e finalizase. Pode ser consultada tamén no histórico co texto “Prescrición finalizada”.

Aínda que non se seleccione ningunha resposta significativa, observación ou proposta de intervención nas prescricións inseridas, cando se pulse sobre o botón gardar quedará constancia de que se realizou a revisión.


Mostrarase na parte superior dereita da páxina a data e usuario que realizou o último gardado (esta información de gardado realízase a nivel de subpestaña).

Prescrición	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico
Engadir	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Todo
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			


### 3.1.6. Realizar Revisión sobre prescricións con revisións previas

Tras seleccionar unha prescrición que xa teña unha revisión previa, podemos atoparnos dúas situacións:

- A revisión está pendente e é visible no listado da táboa (porque ten respostas significativas). Neste caso móstrase o seguinte aviso se se intenta volver a engadir e impídese a adición:



- A revisión está resolta, eliminada ou inserida na táboa pero “sen respostas significativas”. Neste caso, cárgase no listado da táboa cos valores iniciais, tratándoa como un versionado da revisión. Neste caso móstrase o seguinte aviso:



### 3.1.7. Histórico

Todos os cambios serán gardados e poden ser consultados desde a opción de **Histórico**, dispoñible tanto a nivel de fila como de forma global (para consultar prescricións que xa non consten no listado da táboa).

- Pulsando sobre a icona de “Histórico”  de cada fila de prescrición visualízase o detalle do histórico da prescrición seleccionada:



Prescricións **Revisión** Datos Paciente

Revisión tratamento farmacolóxico Conciliación medicación Detección problemas Data próxima revisión: Última revisión realizada: 18/03/2020

**REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)**

Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico
Engadir	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Todo
NAPROXENO 250 MG 30 CAPSULAS	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>			

Histórico de revisión de medicamento - Diálogo de página web

Prescripción	Revisión	Indicación	Adecuación	Efectividade	Seguridade				Observacións	Proposta Intervención Farmacia	Episodios
		Está indicado para o problema de saúde que presenta o paciente?	É adecuado ás características do paciente? A dose, pauta e duración do tratamento é adecuada?	Está a ser efectivo para o obxectivo terapéutico exposto? É a alternativa máis eficaz/eficiente baseada na evidencia e/ou GPC?	Produce ou existe risco de reacción adversa?	Produce ou existe risco de interacción?	Implica algún cambio do tipo de duplicidade ou contraindicación?	Implica indicios de ferenza farmacolóxica?			
CLORAZEPATO DIPOIASIO 20 MG INYECTABLE 1 VIAL	23/03/2020 12:23 ALFONSO CARLOS ALVAREZ ESCUDERO	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	A Dose non é adecuada.	Cambiar a dose.	T90 - diabetes mellitus no insulinodpendiente - 17/09/2018

- Pulsando sobre a icona de “**Histórico**” da cabeceira da táboa por defecto mostra o detalle de todas as prescricións. No caso de que haxa prescricións con intervención que aínda non se visualizaran por ningún profesional, estas son as que se verán por defecto. Neste caso, engádesse unha icona identificativa ao lado da icona de Histórico para avisar que existen prescricións con intervencións pendentes de ver. Neste caso a opción “**Con Intervención**” estará marcada por defecto ao acceder ao Histórico:

Prescricións **Revisión** Datos Paciente

Revisión tratamento farmacolóxico Conciliación medicación Detección problemas Data próxima revisión: Última revisión realizada: 18/03/2020

**REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)**

Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico
Engadir	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Todo
PARACETAMOL 1.000 MG 40 COMPRIMIDOS	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		Intervención médica: Inactivación da prescripción	

- Pulsando sobre o campo “**Vixentes**” pódese visualizar o detalle de todas as prescricións que aínda están vixentes por ter respostas significativas e sen realizar as intervencións:



Prescripcións Revisión Datos Paciente

Revisión tratamento farmacolóxico Conciliación medicación Detección problemas Data próxima revisión: Última revisión realizada: 18/03/2020

REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)

Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico			
Engadir	Está indicado?	É adecuado?	Dose, pauta e duración?	É efectivo?	Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Engadir	
Historico de revisión de medicamento - Diálogo de página web													
<input type="radio"/> Con intervención <input checked="" type="radio"/> Vixentes <input type="radio"/> Todas													
CLORAZEPATO DIPOVASIO 20 MG INYECTABLE 1 VIAL	23/03/2020 12:23				NON						A Dose non é adecuada.	Cambiar a dose.	T90 - diabetes mellitus no insulino dependiente - 17/09/2018
PRIMIDONA 250 MG 100 COMPRIMIDOS ORAL (C67380)	23/03/2020 12:23								SI		Risco de Interacción		T90 - diabetes mellitus no insulino dependiente - 17/09/2018

- Pulsando sobre o campo "Todas" pódese visualizar o detalle de todas as prescripcións:

Prescripcións Revisión Datos Paciente

Revisión tratamento farmacolóxico Conciliación medicación Detección problemas Data próxima revisión: Última revisión realizada: 18/03/2020

REVISIÓN DE MEDICAMENTOS INCLUIDOS NO PLAN TERAPÉUTICO (RECOLLIDOS NA FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA)

Prescripción	Indicación (marcar en caso negativo)	Adecuación (marcar en caso negativo)	Efectividade (marcar en caso negativo)	Seguridade (marcar en caso positivo)				0 Episodios seleccionados		Histórico			
Engadir	Está indicado?	É adecuado?	Dose, pauta e duración?	É efectivo?	Alternativa eficaz?	Reacción adversa?	Interacción?	Duplicidade ou contraindicación?	Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Engadir	
Historico de revisión de medicamento - Diálogo de página web													
<input type="radio"/> Con intervención <input type="radio"/> Vixentes <input checked="" type="radio"/> Todas													
PARACETAMOL 1.000 MG 40 COMPRIMIDOS	23/03/2020 12:27	Intervención médica: Inactivación da prescripción											
CLORAZEPATO DIPOVASIO 20 MG INYECTABLE 1 VIAL	23/03/2020 12:23				NON						A Dose non é adecuada.	Cambiar a dose.	T90 - diabetes mellitus no insulino dependiente - 17/09/2018
PRIMIDONA 250 MG 100 COMPRIMIDOS ORAL (C67380)	23/03/2020 12:23								SI		Risco de Interacción		T90 - diabetes mellitus no insulino dependiente - 17/09/2018

### 3.1.8. Proposta de intervención - Aviso

No caso de que nunha prescripción se marcasse polo menos unha das caixas de respostas significativas ou engadido polo menos un texto nos campos de "Observacións" e "Proposta de intervención", móstrase unha icona de aviso "Hai intervención pendente" . O obxectivo deste aviso é que o médico do paciente vexa a proposta de intervención e a valore.



O aviso móstrase:

- De forma global na pestana de Revisión:



- A nivel de prescripción no listado que se mostra á dereita ao acceder ó módulo de prescripción. Aparecerá a esquerda do nome do medicamento. Exceptuando que a prescripción teña unha alerta/notificación (bola vermella) que terá máis prioridade.

	Especialidade	Principio activo	Data c
<input type="checkbox"/>	CLOPERASTINA CINFA 3,54MG/ML 1 FRASCO 200MLSUSPENSION ORAL EFG	CLOPERASTINA (3.5400 MG)	16/07/2013
<input type="checkbox"/>	PARACETAMOL ALTER 1 G 20 SOBRES GRANULADO EFERVESCENTE EFG	PARACETAMOL (1000.0000 MG)	16/07/2013
<input type="checkbox"/>		IBUPROFENO SAL 400 MG/SOB 30 SOBRES GRANULADO	25/02/2016
<input type="checkbox"/>		PARACETAMOL 325 MG - CODEINA 15 MG 20 COMPRIMIDOS	25/02/2016
<input type="checkbox"/>		CLORAZEPATO DIPOTASIO 20 MG INYECTABLE 1 VIAL	28/08/2017
<input type="checkbox"/>		PARACETAMOL 1.000 MG 40 COMPRIMIDOS	10/04/2018
<input type="checkbox"/>	ABSORBENTE INC ORINA DIA RECT: ABS ECO 80U	EFFECTOS Y ACCESORIOS (0.0000 NO APLICA)	25/06/2018
<input type="checkbox"/>	ABSORBENTE INC ORINA DIA RECT: ABS ECO 80U	EFFECTOS Y ACCESORIOS (0.0000 NO APLICA)	25/06/2018
<input type="checkbox"/>	CLOPIDOGREL ALTER 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG	CLOPIDOGREL (75.0000 MG)	10/10/2018

Pulsando sobre a icona do círculo amarelo, accédese directamente ao módulo de Revisión.

Prescripción	Realizar Intervención	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
CLOPERASTINA CINFA 3,54MG/ML 1 FRASCO 200ML SUSPENSION ORAL EFG		O paciente presenta reacciones adversas, non é adecuado ó problema de saúde e tampouco para as características do paciente.	Eliminar prescripción.	Ver Revisión
PARACETAMOL ALTER 1G 20 SOBRES GRANULADO EFERVESCENTE EFG		Esta contraindicado para o paciente.	Baixar a dose.	Ver Revisión
CLOPIDOGREL ALTER 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG		Non o considero adecuado para o problema de saúde que ten o paciente.	Eliminar prescripción.	Ver Revisión
IBUPROFENO 200MG/5ML 30 ML SUSPENSION		Non esta sendo efectivo, o paciente segue con dor aguda.	Aumentar a dose.	Ver Revisión

REVISIÓN DE MEDICAMENTOS A INCLUIR NO PLAN TERAPÉUTICO (QUE NON ESTÁ TOMANDO PERÓ DEBERÍA TOMAR)

REVISIÓN DE PRODUCTOS TERAPÉUTICOS NON INCLUIDOS NO PLAN PERÓ QUE O PACIENTE ESTÁ TOMANDO

### 3.1.9. Proposta de intervención – Actuación do médico

Neste caso a visualización das prescricións é distinta aos farmacéuticos. Priorízase a visualización dos campos de “Observacións” e “Propostas de Intervención de Farmacia”, polo que a información das respostas significativas visualizaranse a partir dun enlace.


Neste contido visualizaranse todas as prescricións con respostas significativas a pesar de que non teñan propostas de intervención.

Prescripción	Realizar intervención	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
CLOPIDOGREL APOTEX 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG		texto Observación	texto Proposta intervención	Ver revisión 

O habitual será actuar sobre as prescricións que teñan proposta de intervención, pero pode facerse sobre calquera.

Para realizar a Proposta de intervención, é necesario pulsar sobre a icona de “Realizar intervención” e pódese realizar unha das seguintes opcións:

1. Inactivar prescrición.



2. Modificar prescrición, incluíndo un motivo (texto libre).



- Diálogo de página web

**Actuación sobre a prescripción**

Inactivación da prescripción

Modificación da prescripción

Continuar sen modificar a prescripción

Seleccionar

Neste caso, ao pulsar “**Seleccionar**” abrírase a pantalla de modificación da prescripción.

3. Continuar coa prescripción sen modificar, incluíndo un motivo (texto libre).

- Diálogo de página web

**Actuación sobre a prescripción**

Inactivación da prescripción


Modificación da prescripción

Continuar sen modificar a prescripción

Seleccionar


Cando se realice unha das 3 accións anteriores:

- Elimínase o aviso do círculo amarelo na prescripción.
- A acción seleccionada e o motivo (se aplica) trasládase a unha nota evolutiva ou nota SOIP do episodio vinculado á intervención (salvo que se trate de AH e o facultativo non pertenza ao servizo do Curso Clínico seleccionado). No caso da nota SOIP irá na sección “P”.
- Esta acción do médico pode ser consultada polo farmacéutico no histórico, tanto na opción de “Todas” como “Con intervención”. Móstrase tamén un aviso ao lado da icona do histórico global na táboa de prescricións do farmacéutico:



Este aviso desaparecerá ao pulsar no histórico.

- A fila da prescripción desaparecerá da táboa de rexistro de prescripcións, pero o farmacéutico poderá volver a seleccionala no caso de que queira volver a realizar unha actuación sobre ela.
- O médico pode consultar o detalle da Revisión realizada polo farmacéutico pulsando sobre “[Ver Revisión](#)”.



### 3.1.10. Accións sobre as prescripcións dende IANUS

No caso de que dende IANUS se realicen accións sobre prescripcións que se atopen nalgún rexistro da Subpestaña de “Tratamento farmacolóxico” o procedemento será o seguinte:

- Se se modifica unha prescripción incluída no rexistro, asúmese que se resolveu con motivo “Modificar a prescripción” (texto do motivo baleiro). En consecuencia elimínase o aviso vinculado, e a liña pódese consultar unicamente dende o histórico.
- Se se inactiva ou anula unha prescripción incluída no rexistro, asúmese que se resolveu con motivo “Inactivar a prescripción”. En consecuencia elimínase o aviso vinculado, e a liña pódese consultar unicamente dende o histórico.
- Se se activa unha prescripción incluída no rexistro do histórico, non se recupera do histórico. As circunstancias do paciente poderían cambiar e requirírase unha nova revisión.

### 3.2. REVISIÓN DE MEDICACIÓN A INCLUIR NO PLAN TERAPÉUTICO

A pantalla permitirá que o farmacéutico recomende medicación, en función dos problemas de saúde do paciente, para a súa valoración por parte do médico e presentará unha serie de campos a cubrir para os principios activos seleccionados previamente.



Móstrase un texto cunha pregunta para o farmacéutico “Ten o paciente algún problema de saúde que debería tratarse con algún medicamento e non se está facendo?”.

REVISIÓN DE MEDICAMENTOS A INCLUIR NO PLAN TERAPÉUTICO, QUE O PACIENTE NON ESTÁ TOMANDO PERO DEBERÍA TOMAR					
Ten o paciente algún problema de saúde que debería tratarse con algún medicamento e non se esta facendo?					
Indicación	Principio Activo	Dose/Posoloxía	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
Engadir				0 Episodios seleccionados Engadir	
texto de indicación	IBUPROFENO 200 MG SOLUCION/SUSPENSIÓN ORAL EFERVESCENTE 20 SOBRES	texto de posoloxía			
	AMOXICILINA 125 MG - CLAVULANICO ACIDO 31.25 MG/5ML   120 ML   SUSPENSIÓN   ORAL (C43601)				

En cada fila inclúese:

1. Enlace para engadir Principios activos.
2. Icona de borrado para eliminar a fila de Principios activos.
3. Enlace para seleccionar episodios e vincular ás prescricións.
4. Campo de texto para as Indicacións
5. Campo de texto para indicar a Dose/Posoloxía.
6. Campo de texto para Observacións.
7. Campo de texto para a Proposta de intervención.
8. Icona de histórico para visualizar as modificacións que tivese a medicación. Na cabeceira mostra o histórico a nivel global.


### 3.2.1. Engadir Principios activos

Se o paciente non tivese revisión de medicamentos a incluír no Plan terapéutico previamente, a táboa presentada só mostrará a cabeceira. Pódense seleccionar principios activos e cada un deles agrégase á táboa nunha nova fila.

REVISIÓN DE MEDICAMENTOS A INCLUIR NO PLAN TERAPÉUTICO, QUE O PACIENTE NON ESTÁ TOMANDO PERO DEBERÍA TOMAR					
Ten o paciente algún problema de saúde que debería tratarse con algún medicamento e non se esta facendo?					
Indicación	Principio Activo	Dose/Posoloxía	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
Engadir				0 Episodios seleccionados Engadir	

Para engadir principio activos púlsase sobre “Engadir” e na modal que se mostra engadiranse da seguinte forma:

- Pódese seleccionarse un ou varios principios da lista que non estean agregados xa na táboa de revisión. O principio seleccionado agrégase á táboa como unha nova fila.



A selección non será de principios activos se non de conxuntos de intercambio, empregando o buscador que xa utiliza IANUS. A posoloxía indícase con texto libre, como o resto dos campos.

### 3.2.2. Rexistro nunha nota SOIP ou nota evolutiva

Será equivalente aos outros rexistros do [apartado 3.1.5](#) deste documento.

### 3.2.3. Proposta de intervención – Aviso

No caso de que nunha prescrición se marcasse polo menos unha das caixas de respostas significativas ou se engadise polo menos un texto nos campos de “Observacións” e “Proposta de intervención”, móstrase unha icona de aviso “Hai intervención pendente”

O obxectivo deste aviso é que o médico do paciente vexa a proposta de intervención e a valora.

O aviso móstrase:

- De forma global na pestana de Revisión:



- A nivel de prescrición no listado que se mostra á dereita ao acceder ao módulo de prescrición. Aparecerá a esquerda do nome do principio activo.




	Especialidade	Principio activo	Data c
<input type="checkbox"/>	 CLOPERASTINA CINFA 3,54MG/ML 1 FRASCO 200MLSUSPENSION ORAL EFG	CLOPERASTINA (3.5400 MG)	16/07/2013
<input type="checkbox"/>	PARACETAMOL ALTER 1 G 20 SOBRES GRANULADO EFERVESCENTE EFG	PARACETAMOL (1000.0000 MG)	16/07/2013
<input type="checkbox"/>		IBUPROFENO SAL 400 MG/SOB 30 SOBRES GRANULADO	25/02/2016
<input type="checkbox"/>		PARACETAMOL 325 MG - CODEINA 15 MG 20 COMPRIMIDOS	25/02/2016
<input type="checkbox"/>		CLORAZEPATO DIPOTASIO 20 MG INYECTABLE 1 VIAL	28/08/2017
<input type="checkbox"/>		PARACETAMOL 1.000 MG 40 COMPRIMIDOS	10/04/2018
<input type="checkbox"/>	ABSORBENTE INC ORINA DIA RECT: ABS ECO 80U	EFFECTOS Y ACCESORIOS (0.0000 NO APLICA)	25/06/2018
<input type="checkbox"/>	ABSORBENTE INC ORINA DIA RECT: ABS ECO 80U	EFFECTOS Y ACCESORIOS (0.0000 NO APLICA)	25/06/2018
<input type="checkbox"/>	 CLOPIDOGREL ALTER 75MG 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG	CLOPIDOGREL (75.0000 MG)	10/10/2018

Pulsando sobre a icona do círculo amarelo, accédese directamente ao módulo de Revisión.

### 3.2.4. Proposta de intervención – Actuación do médico

Dentro desta sección “Revisión de medicación a incluír no plan terapéutico”, o médico ten 3 posibles accións sobre cada fila de medicación.

Para realizar a Proposta de intervención, é necesario pulsar sobre a icona de “Realizar intervención”  e pódese realizar unha das seguintes opcións:

1. Crear prescripción. (Enlazar coa pantalla de creación dunha prescripción nova).





2. Modificar prescripción, incluíndo un motivo (texto libre). Neste caso, ao pulsar “Seleccionar” abrirase a pantalla de modificación da prescripción para especificar cal (seleccionar a prescripción da lista e permitir a modificación). Mostrarase o listado de prescricións activas e terase seleccionado por defecto a prescripción que se corresponde coa que ten a resposta significativa na revisión, pero pódese escoller calquera outra prescripción.

- Diálogo de página web

**Actuación sobre a prescripción**

Inactivación da prescripción

Modificación da prescripción

Continuar sen modificar a prescripción

Seleccionar

3. Continuar sen cambios, incluíndo un motivo (texto libre).

- Diálogo de página web

**Actuación sobre a prescripción**

Inactivación da prescripción

Modificación da prescripción

Continuar sen modificar a prescripción


Seleccionar

O médico marcará a opción desexada, opcionalmente incluíndo o motivo. Nos dous primeiros casos abrirase a pantalla que permite rexistrar ou modificar dende este punto, e só ao gardar nesa pantalla consolidarase tamén a acción de **Crear** ou **Modificar** neste rexistro. No caso de **Continuar** gardarase a continuación de marcar e escribir o motivo.



Cando se realice algunha destas 3 accións anteriores:

- O aviso do círculo amarelo desaparecerá da prescrición.
- A acción seleccionada e motivo (se aplica) trasladarase unha nota evolutiva ou nota SOIP do episodio vinculado á intervención (salvo que se trate de AH e o facultativo no pertenza ao servizo do Curso Clínico seleccionado). No caso de nota SOIP irá na sección "P".
- Esta acción do médico poderá ser consultada polo farmacéutico no histórico, tanto na opción de "Todas" como "Con intervención". Mostrarase tamén un aviso no histórico global da táboa de prescricións do farmacéutico:



Este aviso desaparecerá ao pulsar no histórico.

- A fila da prescrición desaparecerá da táboa de rexistro de prescricións, pero o farmacéutico poderá volver a seleccionalo no caso de que queira volver a realizar unha actuación sobre ela.

## Histórico

Todos os cambios poden ser consultados dende a opción de **Histórico**, dispoñible tanto a nivel de fila como de forma global (desta forma poden consultarse prescricións que xa non consten na táboa actual). As consideracións son as mesmas que as indicadas para o histórico da revisión de prescricións incluídas no plan terapéutico ([apartado 3.1.8](#) deste documento) exceptuando que a información que se almacena é a correspondente a esta sección.

### 3.3. REVISIÓN DE PRODUTOS TERAPÉUTICOS NON INCLUÍDOS NO PLAN PERO QUE O PACIENTE ESTÁ TOMANDO


A pantalla presenta unha serie de campos a cubrir polo farmacéutico para unha lista de produtos terapéuticos con dúas posibles orixes: a partir do catálogo de especialidades farmacéuticas (CEPF) ou como texto libre.

Prescrición	Indicación	Adecuación	Efectividade	Seguridade	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico				
Engadir CLOPERASTINA CINFA 3,54MG/ML 1 FRASCO 200ML SUSPENSIÓN ORAL EFG	Está indicado? <input type="checkbox"/>	É adecuado? Dose, pesa e duración? <input type="checkbox"/>	É efectivo? <input type="checkbox"/>	Alternativa eficaz? <input type="checkbox"/>	Reacción adversa? <input type="checkbox"/>	Interacción? <input type="checkbox"/>	Duplicidade ou contraindicación? <input type="checkbox"/>	Cascada farmacolóxica? <input type="checkbox"/>	3 Episodios seleccionados Engadir episodios Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes) O paciente presenta reacciones adversas, non é adecuado o problema de saúde e tampouco para as características do paciente.	Proposta Intervención Farmacia Eliminar prescrición.	Todo <input type="checkbox"/>

En cada fila de medicación inclúese:



1. Enlace para engadir prescricións.





2. Icona de borrado  para eliminar esa liña por parte do farmacéutico.
3. As caixas para responder ás preguntas, márcanse só en caso de resposta significativa (negativa ou positiva).
4. Enlace para seleccionar episodios e vincular ás prescricións.
5. Campo de texto para Observacións.
6. Campo de texto para a Proposta de intervención.
7. Icona de histórico para visualizar as modificacións que tivese a medicación. Na cabeceira mostra o histórico a nivel global.

### 3.3.1. Engadir medicamentos ou produtos terapéuticos

Se o paciente non tivese revisión deste tipo de medicación previamente, a táboa presentada só mostra a cabeceira. Pódese engadir novas liñas de medicación, de maneira que cada produto se agrega á táboa como unha nova fila.

Prescrición	Indicación	Adecuación	Efectividade	Seguridade	Engadir episodios	Histórico
	Está indicado?	É adecuado? Dose, pauta e duración?	É efectivo? Alternativo eficaz?	Reacción adversa? Interacción? Duplicidade ou contraindicación? Cascada farmacolóxica?	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia 

Para engadir un medicamento ou principio activo (conxunto de intercambio) púlsase sobre “Engadir” e na xanela que se mostra pódese elixir o medicamento co buscador de especialidades ou conxuntos de intercambio empregados no módulo de prescrición de IANUS da seguinte forma:



A continuación móstranse as opcións para engadir medicamentos:



- Pódese engadir un principio activo
- Pódese engadir unha especialidade
- Pódese engadir produtos terapéuticos indicando o seu nome a través dun texto libre.

Hai que ter en conta que ao agregar filas na táboa que se presenta por defecto, estas poderían ter respostas previamente gardadas. Neste caso, a prescrición inclúese sen ningunha resposta precargada, pero identificarase que é a mesma prescrición e no histórico visualizárase no mesmo rexistro.

As filas de prescricións novas ou modificadas móstranse con fondo amarelo e co texto en cursiva ata que se pulse o botón gardar, desta maneira destacan os cambios que se acaban de realizar fronte á anterior revisión.

O resto de características deste rexistro, son equivalentes ao comentado para as seccións da revisión de medicación incluída no plan terapéutico (apartado 3.1 deste documento) ou a sección de revisión a incluír no plan terapéutico (apartado 3.2 deste documento) . Inclúense os enlaces a cada apartado descrito anteriormente segundo corresponda:

- Como cubrir datos das prescricións ([apartado 3.1.2](#))
- Selección de Episodios ([apartado 3.1.3](#))
- Rexistro Nota SOIP o Nota Evolutiva ([apartado 3.1.4](#))
- Realizar Revisión tratamento ([apartado 3.1.5](#))
- Histórico ([apartado 3.1.7](#))
- Proposta de intervención – Aviso. ([apartado 3.1.8](#))
- Proposta de intervención – Actuación do médico ([apartado 3.1.9](#))
- Accións sobre as prescricións desde IANUS ([apartado 3.1.10](#))

### 3.4. REALIZAR SEGUIMIENTO DE PACIENTES

Os farmacéuticos poden realizar un seguimento dos pacientes marcados para revisar.

Esta marca estará accesible na parte superior da páxina ao carón das subpestanas “Revisión tratamento farmacolóxico” e “Conciliación”. A marca consiste nun campo no cal o profesional indica a data na que se desexa volver a revisar ao paciente.



O profesional pode indicar unha data a través do calendario. Esta data será almacenada no momento que se realice o gardado do contido da subpestanas na que se está



traballando. A indicación dunha data de seguimento é opcional polo que só se indicará cando se desexe facer o seguimento.

Cada profesional disporá dunha lista de traballo onde se mostre o listado de pacientes nos que se marcasse o seguimento. Esta lista tamén mostrará pacientes con propostas de intervención realizadas polo profesional rexistrado e sobre as que un médico realizase unha intervención que aínda non visualizara ningún farmacéutico.

Ao pulsar sobre un dos pacientes do listado cárgase a historia clínica do paciente do mesmo modo que no resto de listas de traballo.

Para que os pacientes en seguimento non se mostren na lista de traballo, débese borrar a data de seguimento e deixar ese campo baleiro.

## 4. CONCILIACIÓN DA MEDICACIÓN

Nesta pantalla rexístrase a conciliación da medicación dos pacientes da lista de traballo de polimedicados de servizos hospitalarios seleccionados. O traballo de conciliación estará repartido entre primaria e hospital, e debe realizarse no prazo de 24 horas tras calquera transición asistencial.

Rexistraranse discrepancias detectadas entre a medicación que consta na árbore de prescricións do paciente e a que debería aparecer en función da historia clínica do paciente.


A pantalla presenta unha serie de campos a cubrir polo farmacéutico para unha lista de medicamentos.

Medicamentos	Discrepancias non xustificadas	Aderencia	Monitorización	Actualización folla medicación activa	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
MEDICAMENTO 1 FRASCO 200ML SUSPENSIÓN ORAL EFG	Seleccione unha opción	Está resolto? SI NO	Detectáronse problemas de adherencia? SI NO	Se recomenda a monitorización? SI NO	Está actualizada a FMA? SI NO	3 episodios seleccionados Engadir episodios	Engadir episodio
MEDICAMENTO 2 20 SOBRES GRANULADO EFERVESCENTE EFG	Seleccione unha opción	SI NO	SI NO	SI NO	SI NO		Engadir episodio
MEDICAMENTO 3 28 COMPRIMIDOS RECUBIERTOS CON PELICULA EFG	Seleccione unha opción	SI NO	SI NO	SI NO	SI NO		Engadir episodio
MEDICAMENTO 4 200MG/5ML 50 ML SUSPENSIÓN	Seleccione unha opción	SI NO	SI NO	SI NO	SI NO		Engadir episodio

En cada fila de medicación inclúese:

- Enlace para engadir medicamentos.



- Icona de borrado  para eliminar esa liña por parte do farmacéutico.
- Seleccionable con listado de discrepancias.
- As caixas para responder ás preguntas, márcase SI ou NON.
- Enlace para seleccionar episodios e vincular aos medicamentos (só me deixa seleccionar 1 episodio).
- Campo de texto para Observacións.
- Campo de texto para a Proposta de intervención.
- Icona de histórico para visualizar as modificacións que tivera a medicación. Na cabeceira mostra o histórico a nivel global.

#### 4.1.1. Engadir medicamentos

Se o paciente non tivese revisión previa, a táboa presentada só mostrará a cabeceira. - Poderán engadirse novas liñas de medicación, de modo que cada medicamento se agrega á táboa como unha nova fila.

Vista sen datos:



Medicamentos	Discrepancias non xustificadas	Adeherencia	Monitorización	Actualización folia medicación activa	Observacións (outros PRM e/ou posibles comentarios relevantes)	Proposta Intervención Farmacia	Histórico
 Engadir	Tipo de discrepancia	Está resolta?	Detectáronse problemas de adherencia?	Se recomenda a monitorización?	Está actualizada a FMA?	3 episodios seleccionados  Engadir episodios	 Todo

Para engadir medicamentos púlsase sobre “Engadir”



Na ventá que se mostra poderán engadirse da seguinte forma:

- Seleccionando unha prescrición da lista mostrada na árbore da prescrición por defecto (a medicación vixente do paciente).
- Seleccionando un medicamento utilizando o buscador de principios activos de IANUS.
- Seleccionando un medicamento utilizando o buscador de especialidades.
- Escribindo texto libre.





- **Campo de Tipo de discrepancia.** Seleccionar un valor dunha lista despregable que presente os tipos de discrepancias non xustificadas. (O texto explicativo da discrepancia móstrase debaixo a modo explicativo ao seleccionar o Tipo).

Omisión de medicamento

*O paciente tomaba un medicamento necesario e non prescribiuse sen que exista xustificación clínica explícita o implícita para omitilo.*

Valores:

- **Omisión de medicamento:** o paciente tomaba un medicamento necesario e non se prescribiu sen que exista xustificación clínica explícita ou implícita para omitilo.
  - **Diferente dose, vía ou frecuencia dun medicamento:** modifícase a dose, vía ou frecuencia que o paciente tomaba sen que exista xustificación clínica, explícita o implícita, para elo.
  - **Prescripción incompleta:** a prescripción do tratamento crónico realízase de forma incompleta e require aclaración.
  - **Medicamento equivocado:** prescribíse un novo medicamento sen xustificación clínica confundíndoo con outro que o paciente tomaba e que non foi prescrito.
  - **Inicio de medicación (discrepancia de comisión):** iníciase un tratamento que o paciente non tomaba antes, e non hai xustificación clínica, explícita ou implícita, para o inicio.
  - **Duplicidade:** o paciente presenta unha duplicidade entre a medicación previa e a nova prescripción.
  - **Interacción:** o paciente presenta unha interacción clinicamente relevante entre a medicación previa e a nova prescripción.
  - **Manter a medicación contraindicada:** continúaase unha medicación crónica contraindicada pola nova situación clínica do paciente.
- Márcanse as caixas para responder ás preguntas. Serán respostas significativas nos seguintes casos:
    - DISCREPANCIAS NON XUSTIFICADAS, está resolta? = **NON**
    - ADHERENCIA, ¿detectáronse problemas de adherencia? = **SI**
    - MONITORIZACIÓN, ¿recoméndase a monitorización? = **SI**
    - ACTUALIZACIÓN FOLLA MEDICACIÓN ACTIVA, está actualizada a FMA? = **NON**




- Pódese engadir o texto correspondente nos campos de “Observacións” e “Proposta de intervención”. Nesta sección, o feito de engadir texto nalgún destes dous campos, non se considera resposta significativa.

Para poder agregar información en “Observacións” ou “Proposta de intervención” será necesario ter seleccionado previamente polo menos un episodio ou curso clínico (ver apartado [3.1.3 Selección de episodios](#)). Permitirase a selección múltiple.

#### 4.1.3. Histórico

Será equivalente ao [apartado 3.1.7](#) deste documento.

#### 4.1.4. Proposta de intervención – Aviso

No caso de que haxa discrepancias non xustificadas sen resolver, móstrase unha icona de aviso “hai intervención pendente” no módulo de prescrición do paciente a nivel de paciente xunto á pestana de Revisión. O símbolo elixido para esta icona é un círculo amarelo cunha icona de medicamento . O obxectivo é que o médico do paciente vexa a proposta de intervención e a valore.

Unha discrepancia non xustificada sen resolver será aquela para a que a pregunta “DISCREPANCIAS NON XUSTIFICADAS, está resolta?” teña como resposta **NON**.

O aviso verase:

- De forma global na pestana de Revisión:



- A nivel de prescrición no listado que se mostra a dereita ao acceder ao módulo de prescrición. Aparecerá na columna xa dispoñible á esquerda do nome do principio activo.

Pulsando sobre a icona do círculo amarelo, accédese ao módulo de Revisión. Dentro do módulo de revisión verase o círculo amarelo de aviso en cada unha das pestanas nas que haxa algunha proposta de intervención pendente.

A icona de aviso deixará de mostrarse cando se responda DISCREPANCIAS NON XUSTIFICADAS, ¿está resolta? = **SI**. A fila na táboa de conciliación de medicación podería seguir visible en función do resto de respostas, pero non aparecerá o aviso.

A fila será visible mentres o farmacéutico non modifique manualmente o resto de respostas significativas. Para que o medicamento desapareza debe ter como respostas estes valores:

- DISCREPANCIAS NON XUSTIFICADAS, Está resolta? = **SI**
- ADHERENCIA, Detectáronse problemas de adherencia? = **NON**




- MONITORIZACIÓN, Se recomenda a monitorización? = **NON**
- ACTUALIZACIÓN FOLLA MEDICACIÓN ACTIVA, está actualizada a FMA?  
= **SI**

#### 4.1.5. Intervención – Actuación do médico

Os médicos visualizarán as respostas indicadas polos farmacéuticos, pero non poderán modificalas.

Para realizar a Proposta de intervención, é necesario pulsar sobre a icona de “Realizar intervención”:



Dentro do módulo de *Conciliación*, o médico terá 5 posibles accións sobre cada fila de medicación:

- Inactivar a prescripción, so dispoñible se se trata dunha prescripción que conste na lista de prescricións activas do paciente. Selecciónase entre as prescricións activas do paciente.
- Crear unha prescripción. Abrir a pantalla de creación de prescricións.
- Activar unha prescripción. Selecciónase entre as prescricións inactivas do paciente (para activala).
- Modificar unha prescripción. Selecciónase entre as prescricións activas para modificala. Ademais, opcionalmente, pódense escribir observacións.
- Discrepancia xustificada. É obrigatorio indicar un motivo, seleccionado de entre os posibles valores dunha lista despregable de tipos de discrepancias si xustificadas. Ademais, opcionalmente, pódense escribir observacións.

Valores do motivo xustificado (texto completo, co principio destacado en negrita):

- **Decisión médica de non prescribir** un medicamento ou cambiar a súa dose, frecuencia ou vía en base á nova situación clínica.
- **Decisión médica de cambio posolóxico ou de vía de administración** dun medicamento en base á nova situación clínica.
- **Substitución terapéutica** segundo as guías farmacoterapéuticas vixentes ou os programas de intercambio terapéutico.

No caso de **Inactivar prescripción** e **Discrepancia xustificada** gárdase ao pulsar o botón. No caso de **Crear**, **Activar** ou **Modificar** consolidarase a continuación de que se cree, active ou modifique a prescripción.



**Actuación sobre a prescripción**

Inactivar prescripción

Crear prescripción

Activar prescripción

Modificar prescripción

**Discrepancia xustificada**

Introducir motivo

Gardar

Despois dalgunha destas 5 accións, elimínase o aviso asociado a esa medicación e a acción trasladarase a unha nota evolutiva ou nota SOIP do episodio vinculado á intervención (salvo que se trate de AH e o facultativo no pertenza ao servizo do Curso Clínico seleccionado). No caso de nota SOIP irá na sección "P".

Na columna de DISCREPANCIAS NON XUSTIFICADAS, desmarcarase o valor da resposta NON, e na resposta á pregunta "Está resolta?" mostrará o campo sen marcar".

Esta anotación da actuación do médico non elimina necesariamente a fila no rexistro, que dependerá das respostas que consten para as outras tres preguntas:

- ADHERENCIA, ¿detectáronse problemas de adherencia?
- MONITORIZACIÓN, ¿recoméndase a monitorización?
- ACTUALIZACIÓN FOLLA MEDICACIÓN ACTIVA, ¿está actualizada a FMA?

No caso de que non se marcasen respostas a estas preguntas, a fila desaparece da pestana principal e polo tanto só se visualizará no histórico.

Por este motivo e para que o farmacéutico sexa consciente desta situación, mostrarase unha icona ao lado da icona de histórico que identifique que hai unha intervención que non se visualizou aínda. Este aviso desaparecerá ao pulsar sobre o histórico.

